**Actividades de lingua inglesa para primeiro de primaria.**

**Fichas**

Ola nenas! Déixovos unhas fichas interactivas, imos a repasar as cores, animais e o material escolar. Seguro que o facedes moi ben !

Son para os días entre o 11 e o 18 de maio, non vos apuredes. Recordade tamén que podedes seguir usando os enlaces que vos deixei!

A partir de agora vouvos pedir que enviedes as fichas ao meu enderezo electrónico para ver como vos saíron, vos explico como facelo:

1. Primeiro facemos clic nunha das palabras rodeadas en vermello, que son os números en inglés, e despois as arrastramos a unha das caixiñas que hai debaixo de cada debuxo dun número (rodeadas en verde)



2. Despois, cando teñamos todas as palabras nas caixiñas, lle damos clic en "terminado" (rodeado en vermello)




3. Agora, temos que facer clic onde pon "Enviar mis respuestas a mi profesor/a", rodeado en verde.



4. E por último, escribimos o noso nome e apelidos onde pon "introduce tu nombre completo" (rodeado en vermello), o curso (rodeado en verde) e o e-mail do profe, que é arivgon@edu.xunta.gal (rodeado en azul).




5. Cando rematedes, aparecerá esta pantalla. Simplemente hai que darlle a "Aceptar".



Fichas

Ficha 1

Enderezo: https://es.liveworksheets.com/ob460737iu

Imos a repasar o material de clase, animais e cores. E moi fácil, podedes mirar as outras fichas por se tedes algunha dúbida.

No primeiro exercicio tedes que facer clic na flechiña rodeada en verde para que vos aparezan as dúas opcións rodeadas en vermello, e despois seleccionar a que pensedes que é a correcta.




No segundo, só tedes que facer clic primeiro nunha imaxe e despois arrastrar ata as palabras.



Ficha 2

Enderezo: https://es.liveworksheets.com/rf1372gu

Nesta ficha imos a repasar os xoguetes, e de paso aprenderemos algún novo.

Só temos que observar o debuxo, e logo facer clic na palabra que creamos que é correcta. Son nove opcións, cinco xa as coñecedes, e a primeira vola regalo na imaxe de abaixo. Pensade nas que sabedes, por exemplo, no debuxo do barco tedes *guitar* que é guitarra, *teddy* que é osiño de peluche...así que teríamos que marcar *boat*.

